

XV NOITE GALEGA DAS TELECOMUNICACIÓNS E DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

3 de setembro de 2010

Presidente, Autoridades, Boas noites, Boas noites a todos os aquí presentes nesta Noite Galega das Telecomunicacións. Estamos aquí un ano máis, cumprindo xa a XV edición deste encontro, que non pode comezar sen transmitir os máis merecidos parabéns ao Colexio Profesional de Enxeñeiros de Telecomunicacións que fai posible esta velada.

Ven a coincidir esta Gala das Telecomunicacións coa celebración en Santiago de Compostela do 49º congreso da Federación de Enxeñeiros de Telecomunicacións da Unión Europea (*FITCE*) baixo o lema “**O Camiño de Santiago e as Telecomunicacións Europeas**”, que nos amosa a relación entre o Camiño de Santiago, antiga vía de comunicación e rede social entre Galicia e Europa, e a actual proliferación das telecomunicacións. Este lema amosa o vínculo entre o pasado e o presente, pero ademais, fai visible a perdura ao longo dos anos das ansias de eliminar fronteiras e dinamizar a interacción entre pobos, feitos que se fan realidade grazas ás redes sociais que se asentán tanto sobre a ruta milenaria Xacobeá como sobre as redes de telecomunicacións.

É neste momento, no que Galicia se atopa inmersa nun proceso de desenvolvemento no ámbito das telecomunicacións e sociedade da información, onde as infraestruturas de telecomunicacións e as redes de banda larga actúan como un dos motores principais para a modernización da rexión e desenvolvemento do tecido industrial.

Todo aquel peregrino ou camiñante que, por lecer ou devoción, percorrese a xeografía galega cara a capital da comunidade, é consciente da dispersión poboacional e da orografía abrupta de Galicia, que non só dificultan o camiñar dos peregrinos senón que tamén fan complicada a extensión da banda larga a toda a sociedade galega.

Sen embargo, somos conscientes das melloras en labores de difusión, de comunicación, de formación e de utilización de novas tecnoloxía que se derivarían da posibilidade do acceso ao servizo de banda larga de toda a poboación galega, polo que desde o Goberno galego estamos a desenvolver as actuacións necesarias para que todos os galegos teñan o acceso a un servizo de banda larga de calidade en 2013. Estas medidas enmárcanse na estratexia global da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións na nosa Comunidade.

Entre os esforzos levados a cabo nos últimos meses para impulsar a extensión da banda larga a toda Galicia, **cómpre destacar a posta en marcha das primeiras accións para crear unha rede troncal de fibra óptica de case 1.900 quilómetros.** Deste xeito a Comunidade disporá dunhas potentes infraestruturas coa tecnoloxía máis avanzada en canto á capacidade de crecemento, calidade, posibilidades de evolución e maior velocidade de transporte que permitirán achegar os servizos de telecomunicacións ás zonas máis illadas tecnoloxicamente.

A Xunta de Galicia, a través de Retegal xestionará esta Rede que favorecerá a competitividade ao estar á disposición dos operadores privados que desexen usalo, permitindo acelerar o despregamento da banda larga naquelas zonas con máis dificultades de acceso.

Por outro banda, destináronse case **44 millóns de euros a convocatorias e bases de axuda para os operadores de telecomunicacións** co obxectivo de incentivar o investimento en redes de banda larga fixas e sen fíos, así como en redes de nova xeración.

É, precisamente nestas redes de nova xeración nas que se asentan novos servizos innovadores e diferenciais que demandan cada vez máis largo de banda como poden ser os **servizos e dispositivos no ámbito do fogar**, posibles grazas, non só ás redes de nova xeración senón tamén como consecuencia da converxencia das tecnoloxías de comunicacións, da informática, da electrónica de consumo e do lecer dixital, que ao igual que os distintos camiños Xacobeos, fan posible que rutas distintas converxan nun punto final.

A incentivación destes servizos de nova xeración inclúese no marco estratéxico da nova **Axenda Dixital de Galicia 2014.gal** [*aliñada coa estratexia Europea para a consecución da converxencia con Europa*], facendo especial fincapé no **Fogar Dixital**, que nos amosa un novo concepto de habitabilidade e sustentabilidade e que **mellorará a calidade de vida nos fogares galegos** no eido da eficiencia enerxética, da seguridade, da accesibilidade e incluso do lecer e do entretemento. E todo isto grazas á integración e facilidade de uso das novas tecnoloxías sen esquecer a importancia da converxencia de servizos, infraestruturas e equipamentos que dá significado ao termo de “*Fogar Dixital*”.

Estímase que **a penetración do Fogar Dixital a nivel mundial será dun 44% nun prazo de 3 anos**. Por iso é importante sinalar as oportunidades que se derivarán do pleno desenvolvemento do Fogar Dixital en Galicia, como son a oportunidade de situar á Comunidade como referente I+D en temas de Fogar Dixital e a de impulsar ao sector de desenvolvemento de contidos e audiovisuais a través da cooperación entre centros de xeración de coñecemento e empresas de desenvolvemento de servizos e tecnoloxías.

Ademais este impulso ao Fogar Dixital, incentivará a penetración da banda larga e especialmente das redes de nova xeración.

E xa para rematar a miña intervención nesta noite, só me queda transmitir os meus parabéns e a miña noraboa a todos os galardonados nesta Noite, e

animar a todos a seguir traballando polo progreso da nosa comunidade no ámbito das telecomunicacións e sociedade da información.

Moitas grazas e feliz noite.